



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE -
PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

Ante a próxima celebración da **NOITE DE SAN XOAN**, e en **PREVENCIÓN** de posibles prexuízos que se puideran producir tanto a bens como a persoas

FAGO SABER:

- 1.- As fogueiras deberán realizarse en **lugares despexados** e mantendo unha distancia de seguridade prudencial de edificacións, de liñas eléctricas, de zonas verdes ou xardíns, de mobiliario urbanos ou de vehículos, ou daqueles onde poidan crearse situacións de perigo.
- 2.- O asentamento das fogueiras **non deberá entorpecer**, en ningún caso, os viais de **acceso e circulación** da zona.
- 3.- Se a montaxe da fogueira se fixera sobre **zonas asfaltadas** ou empedradas, deberá de **protexerse toda a superficie** cunha capa de terra ou area.
- 4.- Non se poderán queimar rodas e cubertas de goma, plásticos ou calquera derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes ou tóxicos.
- 5.- Os organizadores das fogueiras deberán responsabilizarse dunha **correcta e total extinción do lume**, así como de retirar todos os restos da queima, deixando o lugar do seu emprazamento nas mesmas **condicións de limpeza e orde** que estaba previamente.

Esta Alcaldía chama aos veciños ao **cumprimento das normas** contidas neste BANDO a fin de que a **NOITE DE SAN XOAN** transcorra nun ambiente de sana e pacífica convivencia cidadá.

Os veciños que teñan intención de facer fogueiras, e co obxecto de previr calquera tipo de incidente, DEBERÁN COMUNICALO nas oficinas do CONCELLO ou chamando por teléfono (982363303).

Baralla, 16 de xuño de 2022

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: 3339F7R66M3ZNNRDM9YXPY9XS | Corrección: https://baralla.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1